

# PLANETA LINGUA

Ferrol, maio de 2007, nº9

Equipo de Normalización Lingüística do I.E.S. SOFÍA CASANOVA




CAMIÑOS PARA

PERCURSOS FALADOS,



ANDAR E COÑECER



ENTREVISTA CON XURXO MARIÑO

DEBER DE LINGUA

ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS

MARÍA MARIÑO

LENDAS URBANAS

A MÚSICA COMO ARTE E ESTUDO

POLA FRAGA DO RÍO BELELLE

I.E.S. SOFÍA CASANOVA: 40 ANOS DESPOIS

O RECANTO D@S EX ALUMN@S

ORGULLO DE LINGUA

O DEPORTE DA VELA

O CONSELLO ESCOLAR

ILUSIÓNS ÓPTICAS

PRESA FÁCIL

GALEGUISMO E DITADURA FRANQUISTA

OS BLOGS E A SEGURIDADE NA REDE

PASANDO O TEMPO

CÓMICS

SEMPRE O ZECA



Milagros Blanco Pardo, Vicepresidenta do Consello Escolar de Galiza, entrevistada no Faro de Vigo o 26 de marzo de 2007

-O decreto sobre o uso do galego no ensino establece que polo menos o 50% das clases se impartirán nesta lingua. Cre que haberá reticencias entre pais e profesores á hora de aplicalo?

-Non o creo. A estas alturas todo o mundo sabe que os idiomas se aprenden por inmersión lingüística e aqueles que poñan reticencias é porque son persoas ignorantes. Confío que a Xunta llo faga entender.



**X**urxo Mariño Alfonso, científico e investigador galego, pertence ao *Grupo de Neurociencia e Control Motor* da Universidade da Coruña e colabora con científicos dos EE.UU. en investigacións sobre o funcionamento do cerebro humano.



Xurxo Mariño publica artigos de interese científico na súa páxina web e o pasado ano publicou o libro titulado *"Os Dados do Reloxeiro"* que é unha recompilación de temas científicos expostos dende un punto de vista sinxelo para que resulten doados de entender e resolvan as dúbidas das mentes inqedas. Os temas son moi diversos, a lectura é amena, enriquecedora, e cóntanos cousas tan interesantes coma, por exemplo, que todos os átomos dos que estamos formados foron, noutrora, átomos de hidróxeno pertencentes a unha estrela ou nebulosa que deu orixe ao noso Sistema Solar, e que polo tanto somos fillos das estrelas.

A súa páxina web é, <http://www.udc.es/euf/neurocom/xurxo.htm>, nela, ademais de poder ver moitos artigos de investigación, temos a oportunidade de descargar o seu libro e conseguilo así de balde.

### –De onde lle ven a afección pola investigación?

–Xa de neno tiña moita curiosidade por calquera aspecto do mundo que me rodeaba; facía moitas excursións co meu pai para aprender cousas da natureza: íamos buscar minerais, coller cogumelos, aprender os nomes das plantas, e cousas así. Logo, no instituto, seguí dedicándome por libre a todo tipo de actividades que saciaban dalgunha maneira as ganas de coñecer: afeccioneime á astronomía, á informática (antes de que apareceran os PCs!) e, tamén, a ler (ou, case mellor, a mirar os debuxos de) todo tipo de libros relacionados coa ciencia e a tecnoloxía. Non sei, sempre tiveron moitas ansias por coñecer e buscar unha explicación racional á natureza.

### –Como é a vida cotiá dun investigador, dun estudoso da ciencia?

–Normalmente pasamos, ou paso, por distintas épocas de traballo científico. Cando non teño que dar clase ou centrarme noutras actividades (académicas, de divulgación, etc), dedico grande parte do tempo de vixilia á investigación que estou levando a cabo nese momento. Para poder ter boas ideas e facer progresos nunha investigación hai que procurar concentrarse ao máximo, o que significa estar dándolle voltas continuamente a unhas poucas ideas, e probando as hipóteses que van xurdindo en experimentos no laboratorio. Hai épocas nas que paso semanas metido todos os días unhas 16 horas no laboratorio, tratando de sacar adiante un experimento; eses momentos son

esgotadores, pero tamén moi intensos cando a investigación comeza a dar resultados prometedores. Logo das xornadas no laboratorio, tamén hai que pasar moito tempo analizando os datos obtidos, cotexando os resultados co traballo do resto de investigadores (presentes e pasados), e poñendo todo en orde para presentar os resultados á comunidade científica. Cando teño que dar clase (algo que tamén me encanta) a dedicación á ciencia ten de ser menor, polo que é máis difícil manter unha concentración na investigación. Esta dobre vida é algo co que temos que xogar a maioría dos profesores universitarios que nos dedicamos á ciencia. No sistema universitario do noso país os profesores temos asignada unha morea de horas de clase, o que pode repercutir negativamente no avance das investigacións. [A seguir páx. 3]



Xurxo Mariño

### Redacción

SHEILA AMADO IRAGO  
MARTÍN AMARELO GARCÍA  
DANIEL CALVO DÍAZ  
SAMUEL FERNÁNDEZ PAZ  
ANTÓN GÓMEZ GARCÍA  
CRISTIÑA LÓPEZ JIMÉNEZ  
JOSÉ ANTONIO LÓPEZ SIXTO  
ANDREA MOSQUERA ALONSO


FEDERICO PEDREIRA NORES  
ÁNGEL RODRÍGUEZ MARTÍNEZ  
ALDARA SEDES MARTÍNEZ  
ALEJANDRO TIZÓN FREIJOMIL  
FELIPE VÁZQUEZ FERNÁNDEZ  
ROBERTO VÁZQUEZ FERNÁNDEZ  
SARA VEIGA RAMOS  
MARÍA YÁÑEZ LÓPEZ

### Edición

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA  
DO I.E.S. SOFÍA CASANOVA, FERROL

### Coordinación

MIGUEL RÍOS TORRE



### Colaboradores/as

ELOI GARCÍA GARCÍA  
ANDREA PICOS RODILES  
CARLOS RAMÓN CANOSA  
MIGUEL NEIRA BOGA  
PATRICIA VARELA  
ANTÍA LÓPEZ  
BEGOÑA BUGÍA  
JOAQUÍN RODILES  
MELBA COUTO  
LAURA SUÁREZ  
INÉS LÓPEZ  
GLORIA MARTÍNEZ  
XAN R. SILVAR

[Vén da páx. 2] →

**–O traballo dos investigadores e científicos galegos é coñecido no mundo, somos famosos?**

–Hai científicos galegos dunha calidade excelente espallados por moitos laboratorios e universidades do mundo, publicando resultados de grande impacto. En países como EEUU, Xapón, Reino Unido ou Alemaña existen moitas universidades que ofrecen postos de traballo en condicións moi vantaxosas, polo que moitos científicos galegos de prestixio que están no estranxeiro non volven ás universidades e centros de investigación de Galiza. En xeral o noso país non é coñecido no resto do mundo pola súa produción científica; isto é unha mágoa, xa que o esforzo investido en ciencia sempre vai repercutir no desenvolvemento da sociedade. A ciencia é a mellor maneira que temos os seres humanos para coñecer o mundo que nos rodea e para aproveitar os seus recursos dunha maneira eficiente e respectuosa co medio; desgraciadamente os políticos aínda non teñen moi claro este principio tan sinxelo.

**–Se hai cento trinta anos víamos imposible que o home puidera voar e xa chegamos á Lúa, a onde é que chegaremos noutros cen anos?**

–Eu creo que agora mesmo hai dous campos fascinantes de investigación: a mente humana e o Cosmos (no cal o planeta Terra é un pequeno punto insignificante). No próximo século grande parte dos esforzos da ciencia van ir por aí. Por unha banda trataremos de comprender como xurde a consciencia a partir da actividade eléctrica das neuronas; isto terá unha repercusión importante no desenvolvemento de máquinas con algún grao de intelixencia (os neurocientíficos aínda non nos puxemos de acordo en se isto pode ser posible ou non). Por outra banda, a especie humana continuará coa exploración do espazo extraterrestre, buscando a maneira de viaxar grandes distancias a través da inmensidade do Universo (aquí hai dous grandes problemas: un é o período de vida relativamente curto dun ser humano; o outro é a imposibilidade física de viaxar a velocidades próximas á da luz). O que é case seguro é que haberá colonias de humanos fora da Terra (non hai máis remedio, xa que o Sol ten unha vida limitada).

**–Acabará o ser humano provocando a destrución da vida tal e como hoxe a coñecemos na Terra?**

–A vida, tal e como hoxe a coñecemos, vai mudar con toda seguridade, leva facéndoo así uns 3.500 millóns de anos; o cambio é inherente e necesario para o mantemento da vida. É evidente que a especie humana está a modificar o ritmo ao que se produce o cambio; o



que non está nada claro é cara onde pode levar isto. Hai moitas opcións ou escenarios posibles que poden acontecer a curto prazo; os científicos adoitan resumir as posibilidades a estas dúas: 1) que o desenvolvemento da tecnoloxía e do coñecemento leve á especie humana a unha relación máis ou menos harmoniosa co resto da biosfera; 2) que o crecemento da especie humana e a falta de control da súa relación cos ecosistemas leven á súa desaparición.

O que si que está bastante claro é que, independentemente do que pase co *Homo sapiens*, a vida –sexa a que sexa– seguirá a existir e evolucionar neste planeta, polo menos nos seguintes 5.000 millóns de anos (que é o tempo que lle queda de funcionamento ao Sol).


**–Por magoa eu penso que de seguir a este ritmo a nosa especie está condenada á extinción, que opina vostede?**

–Todas as especies están condenadas á extinción, xa que o concepto de especie só ten sentido durante un período temporal; as especies aparecen e desaparecen continuamente; é unha característica da vida deste planeta. O que ocorre coa especie humana é que ten

acadado un desenvolvemento cultural que pode modificar a evolución “natural”. É moi probable que a nosa especie desapareza a curto prazo (miles de anos); o que non me atrevo a prognosticar é se a desaparición vai ser traumática (extinción total), ou se simplemente consistirá nun cambio evolutivo (ao mellor para adaptarse a vivir nunha atmosfera con grandes concentracións de CO<sub>2</sub>, CO, e outros gases que agora son pouco recomendábeis).



Felipe Vázquez Fernández



Estes son algúns dos pronunciamentos que a prol do recoñecemento xurídico do idioma galego se deixaron oír durante o último trimestre do pasado ano 2006, mentres se debatía no Parlamento de Galiza a reforma do Estatuto Galego que, polo de agora, ficou aprazada.

## FUNDACIÓNS

**Xabier Macías**, Xerente da **Fundación Galiza Sempre**.

“Non hai país que non preserve os seus sinais de identidade. Como lingua propia debe ser coñecida para garantir o seu uso”.

**Ramón Máiz**, Presidente da **Fundación Iniciativas 21**.

“O galego é un dereito pero tamén un deber da cidadanía.



**Ramón Máiz**

Obviamente, ningún defende a desaparición do castelán, nin moito menos. Os dous idiomas teñen que coexistir, pero ninguén pode crer en postulados tan ridículos como o do bilingüismo harmónico. A nosa lingua propia é o galego. Calquera persoa que queira desenvolver tarefas administrativas e xurídicas debe coñecer o galego e o mesmo acontece para a cidadanía”.

**Xosé Luís Bóveda**, Vicepresidente da **Fundación Alexandre Bóveda**.

“En todos os países do mundo se lles exige aos seus cidadáns o coñecemento do idioma propio. Aquí temos o deber de coñecer o castelán e non o galego. Temos dúas linguas que son cooficiais pero reciben un trato distinto. Esta situación ten que mudar co novo Estatuto”.



## ASOCIACIÓNS E COLEXIOS PROFESIONAIS

**Carlos Callón**, Presidente da **Mesa pola Normalización Lingüística**.

“En primeiro lugar, o recoñecemento do deber de coñecer o galego é o único que xuridicamente pode garantir que se cumpra o dereito a falar o idioma. O dereito e o deber deben ir unidos para ter garantido o dereito. En segundo lugar, consideramos que se non se recolle o deber de coñecer o galego, será a lingua do Estado con menor recoñecemento lingüístico. O vasco, o catalán e o aranés (lingua occitana do Val de Arán, de 10.000 falantes, protexida no novo estatuto catalá) teñen unha consideración maior que a nosa lingua, xa que se recolle o deber de coñecela. Os cidadáns deben saber que quedaríamos na situación de maior inferioridade de todo o Estado, malia o grande número de falantes que temos. A xente non vai permitir que unha lingua de 10.000 falantes teña máis dereitos que a nosa”.



**Carlos Callón**

**Xosé Antón López Graña**, Presidente do **Colexio da Avogacía de Galicia**.

“O galego é a nosa lingua propia. As autoridades teñen a obriga de darlle o mesmo status que ao castelán e iso só se consegue recollendo o deber de coñecelo. Non entendemos como aínda non está recollido este precepto. No caso da maxistratura, o non coñecemento do galego deixa en clara desprotección dos seus dereitos ao cidadán. Por que unha persoa ten que usar un intérprete para dirixirse a un xuíz cando está na súa propia terra? É algo que non entendemos”.



**Xosé Antón López Graña**

**Xosé Manuel Vega**, Presidente do **Colexio de Xornalistas de Galicia**.

“É inescusábel que non se recolla o deber de coñecer o galego. Os cidadáns de Galicia teñen que chegar a ser bilingües e mesmo a ter dominio do inglés. Pero a nosa lingua propia é o galego e polo tanto o recoñecemento xurídico ten que ser igual que o do castelán, polo menos. Especialmente cando se trata da administración pública, o galego debe ser obrigatorio, para poder prestar un bo servizo”.



**Xosé Manuel Vega**

**Helena González**, Presidenta da **Federación de Asociacións de Veciños de Vigo**.

“Non hai dúbida de que o Estatuto debe recoller o deber de coñecer o galego. Outra cousa é que cada quen se exprese no que se sinta máis cómodo, pero sobre todo para traballar na administración pública debe ser obrigatorio coñecer o galego”.

## INSTITUCIÓNS

**Xosé Ramón Barreiro,**  
Presidente da **Real Academia Galega.**

“Que no novo Estatuto de Autonomía figure o idioma galego como dereito e deber será un avance histórico grande”.



**Xusto Beramendi,** Presidente da Xunta Reitora do **Museo do Pobo Galego.**

“O deber de coñecer o galego é de sentido común. Non se pode dicir que o galego é a lingua propia de Galicia e que o que se teña que coñecer sexa unicamente o castelán. Se o galego é cooficial ten que ter o mesmo status que o castelán”.



**Dolores Rodríguez,** Presidenta do **Consello da Xuventude.**

“Unha das características fundamentais que nos define como galegos é a nosa lingua. Constatamos unha preocupante diminución no uso do galego pola xente moza, sobre todo nas zonas urbanas. Falo de estatística, pero falo sobre todo da experiencia, onde a maioría dos rapaces xa no usa o galego como lingua habitual. Débese a que estamos educados en castelán. **Na escola nin tan sequera a metade das clases se imparten en galego,** os xornais, a televisión, a meirande parte da literatura, as películas, etc. Todos estes elementos de socialización son alleos á lingua galega. Debemos loitar polo noso idioma e debemos poñer todo o empeño en actuar naqueles sectores onde haxa capacidade de intervención, como o educativo. No *Consello da Xuventude* entendemos que é prioritario que a escolarización dos rapaces se produza en galego. Só así pode haber equilibrio e normalidade entre as dúas linguas. Polo tanto, apostamos porque se recoñeza que o galego é a lingua oficial de Galiza e que polo tanto se estableza o dereito e o deber de coñecela, o cal afecta tamén ás administracións”.



**Dolores Rodríguez**



## SINDICATOS

**Xesús Seixo,** Secretario Xeral da **CIG.**

“En calquera país se recolle o deber de coñecer a súa propia lingua. Durante anos, vimos como a Xunta incumpriu reiteradamente a Lei de Normalización Lingüística e moitas veces escudáronse en que non se recoñece o deber de saber a nosa propia lingua. O galego ten que equipararse ao castelán en canto ao seu status xurídico”.



**Xesús Seixo**

**Xosé Antonio Gómez,** Secretario Xeral **UXT-Galicia.**

“Non hai dúbida de que o Estatuto ten que incluír o deber de coñecer o galego. Obviamente hai que establecer un tempo transitorio para que as persoas poidan aprendelo, especialmente aquelas que traballan no sector público e hai que poñer os medios necesarios”.



**Xosé A. Gómez**

**Xan María Castro,** Secretario Xeral de **CC.OO.-Galicia.**

“No novo Estatuto hai que recoller o deber de coñecer o galego. Haberá que introducir as transitoriedades que sexan precisas, pero na administración pública e na xudicatura debería coñecerse o galego para poder traballar”.




**Xan Mª Castro**

**Paulo García,** Secretario de Organización de **Unións Agrarias.**

“Se algún mantivo vivo o galego foi a xente do rural. Para nós un dos aspectos máis importantes do novo Estatuto é que se recolla o dereito e o deber de coñecer o galego. Logo o uso é opcional, pero os dereitos teñen que quedar claramente definidos, para non ficaren desprotexidos”.

**Lidia Senra,** Secretaria Xeral do **SLG, Sindicato Labrego Galego.**

“É lamentábel que aínda non se recollera até o de agora o deber de coñecer o galego. O noso idioma debe ter o mesmo recoñecemento xurídico que teñen os idiomas propios de calquera país”.



**Lidia Senra**

Tirado de *A Nosa Terra*,  
Nº 1.245, 23 de novembro de 2006

# OS ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS DE GALICIA

Con frecuencia escoitamos falar dos espazos naturais protexidos na radio, nos xornais, na televisión..., pero poucas veces pensamos no importantes que son estes espazos para a conservación da flora e fauna autóctonas dun lugar.

Un espazo natural é unha paraxe protexida para evitar a súa degradación e legar o seu ecosistema ás xeracións vindeiras. Existen os seguintes tipos:


-**Reserva natural.** Son lugares con ecosistemas a protexer.

-**Monumentos naturais.** Están constituídos por formacións de notoria beleza ou singularidade.

-**Humidais protexidos.** Zonas cubertas de auga, sexa doce ou salgada, que cumpren unha función importante na conservación dos recursos naturais.

-**Parques naturais.** Áreas naturais, pouco transformadas pola acción humana, cuns valores especiais e que merecen unha atención preferente. En Galicia hai seis: as *Fragas do Eume*, o *Complexo dunar de Corrubedo*, o *Monte Aloia*, o parque natural *Baixa Limia-Serra do Xurés*, *O Invernadeiro* e a *Serra da Enciña da Lastra*.

-**Parques nacionais.** Áreas naturais, pouco transformadas pola acción humana, que polos seus valores paisaxísticos e xeolóxicos ou pola súa fauna e flora merecen especial atención. Galicia conta na actualidade cun único parque destes, o parque das *Illas Atlánticas* formado por catro arquipélagos.



## O PARQUE DAS ILLAS ATLÁNTICAS

O parque das Illas Atlánticas comprende os arquipélagos de Ons (Ons e Onza), Sálvora (Sálvora, Vionta,

Herboso...), as Cíes (Monte Agudo, Do Faro e San Martiño) e Cortegada. Estas illas están situadas nas rías de Arousa (Sálvora e Cortegada), Pontevedra (Ons) e Vigo (Cíes). Teñen unha extensión de 7.138 hectáreas marítimas e 1.194,8 hectáreas terrestres. Nelas poden observarse grande cantidade de aves mariñas, coma o arao, e diversos tipos de crustáceos, moluscos e peixes. Nas illas Cíes está a colonia de gaivotas máis abundante das nosas costas, con 22.000 parellas reprodutoras. O parque tamén protexe distintos tipos de flora, no fondo mariño hai máis de duascenas especies de algas, e na illa de Cortegada atópase un dos maiores bosques de loureiros, loureiral, de Europa. Nas Cíes atopamos un curioso réptil chamado esgonzo pentadáctilo, *Chalcides bedriagai*, un endemismo ibérico moi escaso en Galicia [un endemismo é unha especie biolóxica exclusiva dun lugar, área ou rexión xeográfica que non se atopa en ningunha outra parte do mundo]. A beleza das Illas



Atlánticas é ben coñecida e a súa conservación está garantida polas leis que limitan o acceso de persoas (2.200 visitantes diarios nas Cíes) e prohiben

os vehículos.

Na illa de Ons séguense avistando golfinhos e arroaces, e aínda de cando en veces achégase a ela algún exemplar de tartaruga laúde. Nesta illa rochosa tamén destaca o chamado "*Burato do inferno*", unha fenda xigantesca e moi perigosa que descende verticalmente até o mar e que está cargada de lendas e supersticións. Os mariñeiros cren que por ela berran as almas que levou o díaño. Suponse que eses chíos de dor, que dicían escoitar os que se achegaban, eran en realidade berros de paxaros combinados co asubío do vento. Nas Cíes, a Illa de Monte Agudo e a do Faro únense por unha barreira de area que alberga unha grande cantidade de fauna.



As Illas Atlánticas tamén son famosas polas súas praias, que poderíamos comparar ás máis visitadas do Caribe. A súa maior ameaza son os turistas, que chegan de toda parte, e as marés negras, que ameazan con tinxir de negro a súa beleza.

Debemos respectar e coidar estas illas, pois sen elas Galicia non sería a mesma. Os seres humanos levamos destruindo o medio ambiente dende a nosa aparición, e xa é hora de que comecemos a actuar pola súa recuperación. É a nosa responsabilidade, posto que, de non facer nada, remataremos vivindo nun mundo completamente artificial.

Andrea Mosquera Alonso



# MARÍA MARIÑO, LETRAS 2007



María Mariño na solaina da casa de Uxío Novoneyra no Courel, con Saleta Goi, Manuel María e Roberto Posse.

## O meu camiño hoxe

ten o mirar dun antonte.  
Arrecenden os sendeiros  
nas agras zoan as fontes.  
Labrego afala ao seu gado.  
Mide o tempo a súa ponte.  
Aire quedo e tembrando.  
Chove perto, chove lonxe.  
[De *Palabra no tempo*]

## Palpas os tempos.

Lambes as terras.  
Trillas os días  
e vas andando,  
sen parar andando.  
Coxeas no outono –meu arranque–.  
Alóngaste no estío –miña morte–.  
Á primavera dáste,  
dáste a todos que logo de ti se chaman.

Tolle o inverno o teu nome,  
o teu nome –morno lume–,  
o teu nome farto i esquecido,  
esquecido  
entre muros lentos,  
entre pozas, terras-miñocas,  
entre mundo de sapos  
e calexas de lúa.

Farto

O teu nome leva e dá.  
Dá mareas de verbas feitas,  
dá cantiga que se escoita,  
dá á terra voz e fala,  
dá a cada un dos tempos seu dono,  
dá larganza –peito de bríos–.  
Vein vindo a luz aquela que ti  
acendiches e non se apaga.

Sol  
[De *Verba que comeza*]

María Mariño

**M**aría Mariño naceu o ano 1907 en Noia. Cando era nova tivo que traballar de costureira, pois non fora moitos anos á escola. Vivía cos seus pais e os seus catro irmáns, ela era a segunda máis vella dos cinco.


Segundo as persoas que a coñeceron cando era nova, María era unha muller sensíbel, reservada e solitaria que transmitía unha impresión de harmonía espiritual; tamén

mencionan a súa grande beleza física e unha innata elegancia. Así e todo era vista como unha rapaza ‘rara’ e ‘diferente’ porque facía cousas como pasear soa pola beira do mar e admirar a paisaxe toda, tentando, quizais, comprender a mensaxe última da terra. Por causa da Guerra Civil trasladouse coa familia a Boiro, onde enriqueceu o seu coñecemento literario grazas a unha biblioteca que había alí. Despois pasa parte da guerra en Biscaia, na casa da irmá, que é cando escribe o seu único relato en castelán “*Los años pobres –Memoria de guerra y posguerra–*”, que non chegou a publicarse. Logo volve a Boiro onde coñece ao que ía ser o seu home, Roberto Posse Carballido, natural de Santiago e mestre de profesión. Ao pouco de casaren marchan para Euskadi onde Roberto exerce o maxisterio. Teñen un fillo, que morre ao mes e medio de nacer. Roberto pide o traslado e volven para Galicia. Nesa época finou a nai de María, a quen se sentía moi unida. Estas mortes afúndena nunha forte depresión.



Un amigo médico recoméndalles que marchen a Parada do Courel, para se sentiren menos illados. Alí vivirán até a morte da poeta. Nesta comarca luguesa, o matrimonio intimará coa familia de Uxío Novoneyra. María chega á súa madurez persoal e atopa finalmente un camiño de expresión na creación poética. En 1957 comeza a escribir en castelán e un ano despois en galego. En 1963, grazas á xestión de Novoneyra, a editorial *Celta* de Lugo edita *Palabra no Tempo* o único libro publicado en vida da autora. Foron poucas as persoas que coñeceu María vinculadas á cultura galega, entre elas estaban Manuel María, Ramón Piñeiro, Domingo García Sabell, Victoria Armesto e outros. En febreiro do sesenta e seis a escritora estaba fisicamente deteriorada a causa dunha enfermidade contraída. Nun último esforzo e con apresuramento compón en galego os poemas que forman parte do libro *Verba que comeza*, que permanecen ocultos por diversas causas. A final a escritora morre o 19 de maio de 1967 como consecuencia da leucemia que padecía. María Mariño descansa no camposanto de Romeor do Courel, amparada polos cumes da serra, testemuñas silandeiras do seu benfacer persoal e literario.

Cristiña López Jiménez



P  
l  
a  
n  
e  
t  
a  
  
L  
i  
n  
g  
u  
a  
  
Nº  
9  
  
I.  
E.  
S.  
  
S  
o  
f  
í  
a  
  
C  
a  
s  
a  
n  
o  
v  
a  
  
F  
e  
r  
r  
o  
l

# DÚAS LENDAS URBANAS DE HOXE EN DÍA

A nosa memoria colectiva, e a individual de cada quen, sempre se alimentou de contos, fantasías, mitos, lendas, romances e aventuras. Achegamos aquí dous nidos exemplos de lendas urbanas actuais que circulan hoxe por calquera faladoiro. As dúas lendas foron tiradas da páxina web [www.galiciaencantada.com](http://www.galiciaencantada.com).

## A Noiva Pantasma Da Costa de Oia

Unha noiva estaba a esperar polo seu noivo na igrexa pero, polo visto, cambiara de idea e non se presentou. Entón a rapaza subiu a un coche e fuxiu sen que os invitados á voda fosen quen de detela.

A noiva colleu a estrada de Baiona cara A Guarda e en Santa María de Oia, concello de Oia (Pontevedra), nunha curva moi perigosa que non viu pola forte treboada que caía e polas bágoas que lle impedían a visión, enforcou e morreu.

Dende entón se alguén pasa nunha noite de mal tempo polo cabo Silleiro pode ser que se tope coa pantasma da noiva no medio da estrada que está a chamar por todo aquel que pasa.

Segundo uns chama para avisar á xente que teña coidado na curva na que ela morreu; segundo

outros o que realmente desexa é que o condutor se mate e así poder ter xunto dela a pantasma dun home como castigo polo que lle fixera o seu noivo en vida.

Sexa o que sexa, moito olliño con esa estrada, con noiva pantasma ou sen ela é moi perigosa.



## O Sorriso Do Pallaso

Unha rapaza de Monforte ía de noite no seu coche pola estrada cara a Lugo. Nun punto do camiño veu vir de fronte un automóbil sen luces e facendo intermitencias coas luces longas chamou a atención do condutor.

Pouco despois aquel turismo deu volta e púxose detrás do seu para, logo de baterlle, provocar a súa saída da estrada e o seu embarrancamento na gabia.

Os que ían no coche aquel, preguntáronlle logo:

—Que prefires, sorriso de pallaso ou gravata?

O sorriso de pallaso é unha tortura que consiste en facer un pequeno corte cunha navalla nos beizos para que logo, cando a vítima berre ou chore, vaia agrandando. Hai quen di que botan zume de limón ou sal na ferida para que proa e doia máis, e que aos homes lles dan patadas nos testículos e ás mulleres no estómago para que berren.

A gravata consiste en agredir a vítima facéndolle un burato na gorxa e sacar logo a lingua para fóra arremedando a forma da gravata.

Non se sabe que foi o que escolleu a rapaza pero acabou moi magoada no hospital.



Sheila Amado Irago




# Brooklyn Follies // Brooklyn Follies

“Andaba buscando por un lugar tranquilo onde ir morrer. Alguén me recomendou Brooklyn...” Así comeza unha das últimas novelas de Paul Auster, que narra a historia dun xubilado sesentón, Nathan Glass, cun cancro de pulmón e un desastroso matrimonio acabado de superar. O autor rende homenaxe ao seu barrio, que se nos amosa luminoso e pintoresco, cun ritmo propio no que conviven en harmonía infinidade de personaxes que case nunca son o que parecen. Ás portas das eleccións presidenciais de 2000, e coa figura de Bush espreitando entre as páxinas, pesa unha sensación de nostalgia, dun xeito de vida que vai desaparecer o 11 de setembro de 2001, data coa que o libro remata.

Nathan atopa ao perdido sobriño que tanto futuro prometía, taxista e traballador dunha librería; ao libreiro xudeu e homosexual, cun pasado e presente novelescos; á camareira do bar onde adoita xantar, obxecto de fantasías, e mais unha longa galería de historias nas que se ve atrapado coma nunha arañeira. Historias que non por máis imposíbeis deixan de resultar reais, porque desde o principio o libro te atrapa no seu mundo, do que non te deixa dudar nin un segundo. O protagonista descobre tamén o proxecto vital que a súa filla lle recomendara buscar antes de teren deixado de falar: “O libro da humana sandez”, onde recollería exhaustivamente canta parvada ou lapso o merecese; pouco a pouco o “proxecto” vai medrando, deica encher varias caixas desordenadas.

En toda a novela apréciase un fondo amor pola literatura, cun grande protagonismo de autores coma Hawthorne, Kafka ou Poe, obxecto da inacabada tese do seu sobriño Tom. Os capítulos discorren deixando unha sensación inevitabelmente optimista e áxil; a pesar de non ser todo de cor de rosa, Nathan vai descubrindo pouco a pouco que hai vida despois da morte, se consigues superala, e que pode ser que a Brooklyn non viñera precisamente a morrer. Ademais, como el mesmo di: “Nunca habería que subestimar o poder dos libros”.



**Paul Benjamin Auster,**

escritor estadounidense nado o 3 de Febreiro de 1947 en Newark, Nova Jersey, exerceu de poeta, tradutor de poesía, cociñeiro de barco, guionista (da súa firma saíron guións coma *Smoke*, *Blue in The Face* ou *Lulu on The Bridge*), para finalmente brillar con luz propia na novela. A súa propia vida sería adecuada para aparecer nun dos seus libros. Entre as súas obras cabería destacar *Mr. Vertixe* (1994), *Leviatán* (1992) ou *A música do azar* (1990).




**Paul Auster**

**María Yáñez López**



## // Memorias Dunha Vaca //




*Memorias dunha vaca* é unha novela que relata, desde as connotacións do realismo máxico e na época da posguerra civil, a vida dunha vaca que ben podería ser calquera persoa, calquera de nós.

A protagonista é unha vaca nova que nin é brava nin doméstica, senón que é libre e non lle gusta depender de ninguén. Ao longo do texto a súa mentalidade vai evolucionando segundo

descubre o que acontece no seu arredor e ao ir coñecendo a outras vacas coma ela. Cando se decata de que a súa granxa é un almacén de víveres e alimento para a guerrilla, que aínda segue loitando no monte, decide volver para a casa da monxa labrega que a criou.

Do texto pódense sacar cousas moi interesantes como o poder que ten sobre cada un de nós a propia conciencia e a influencia da reflexión persoal nas decisións que tomamos. **Samuel Fernández Paz**

**Bernardo Atxaga**, pseudónimo de Joseba Irazu Garmendia, naceu en Asteasu, Guipúscoa, en 1951. Irompeu na literatura a principios dos anos 70, sendo hoxe un dos máximos expoñentes da narrativa en éuscaro. En 1989 obtivo o Premio da Crítica para a narrativa en éuscaro por *Obabakoak* (*Os de Obaba*), traducido xa a dez linguas. Ensaísta, narrador e poeta, ten publicado unha chea de pezas de literatura infantil e xuvenil.



**Bernardo Atxaga**

## Tristes Armas // Tristes Armas



Novela entretida e completa, pero breve. Ten a súa acción durante a Guerra Civil do 36-39. A autora xoga con distintos puntos de vista: dúas nenas exiliadas na URSS, unha carta que quedou sen entregar, dous amigos separados pola guerra e unha muller con ilusións de futuro. Toda a obra literaria caracterízase pola mágoa, a soidade e a esperanza que percorre estes personaxes tan ben situados ao longo de todo o mundo.

**Marina Mayoral.** Nada en Mondoñedo, 1942. Ten publicado distintos traballos de investigación sobre Rosalía de Castro, Pardo Bazán, Gustavo Adolfo Bécquer, Benito Pérez Galdós, Clarín, Valera, Azorín, etc.. Actualmente é profesora de literatura española na Universidade Complutense de Madrid. Ten editado unha consolidada obra literaria en galego e en castelán.

**Federico Pedreira Nores**

# A MÚSICA COMO ARTE E ESTUDO

**E**n xeral, son ben coñecidas todas as propiedades da música para o ser humano: permite enxalzar os distintos estados de espírito, axuda á integración social e pénsase que é importante para o desenvolvemento humano de calquera persoa e de calquera cultura.

Xa desde tempos inmemoriais as distintas culturas concibían a música coma unha disciplina importante para calquera persoa. Pénsase que foron os gregos os primeiros que a xulgaron como arte, aínda que esta concepción non se asentou como tal na maior parte do mundo até o século XVIII, cando Beethoven e Mozart crearon o apoxeo do Clasicismo. Segundo transcorre a historia da música, cada unhas das distintas escolas de composición vai determinar como quere a súa música e para que a quere.

Distintas e célebres personalidades da cultura europea afirmaron, por exemplo, que **sen música, a vida sería un erro** (Friedrich Nietzsche) ou **a arte da música é a que máis se achega ás bágoas e ás lembranzas** (Oscar Wilde).



## ESTUDAR MÚSICA HOXE

**A**ctualmente, o ensino musical no noso país (LOXSE) estrutúrase en tres graos fundamentais de estudo: Elemental (4 anos), Medio (6 anos) e Superior (5 anos).

No Grao Elemental o alumnado estará matriculado en *Linguaxe Musical*, que abrangue *Solfexo* e *Teoría Tradicional da Música*, nunha materia libre (*Música Activa*, *Coro* e *Audicións*) e nunha especialidade instrumental, quer dicir, nun instrumento. As cualificacións do boletín serán unicamente aprobado ou suspenso.

No Grao Medio xa hai cualificacións numéricas. O modelo do Grao Elemental aplícase tamén para o Primeiro Ciclo do Grao Medio, agás que se suprime a materia libre e, dependendo do instrumento escollido, terase *Orquestra* e *Piano Complementario*. Xa no Segundo Ciclo, en función da especialidade instrumental na que o alumno continúe, pode ter ou non *Música de Cámara* xunto coas obrigadas *Harmonía* e *Coro*. Para finalizar o Grao Medio,

ademais da especialidade instrumental, o estudante terá de optativas: *Informática Musical*, *Música*

*Antiga*, *Música Tradicional*, *Coro*, *Repentización*, coñecementos histórico-musicais da especialidade ou un segundo instrumento.

Finalmente o Grao Superior ven sendo o equivalente á Universidade, no que se acadan os títulos de Licenciatura e Diplomatura, sendo a primeira a favorita para a maioría dos estudantes. O *Conservatorio Profesional Xan Viaño* de Ferrol leva existindo dende o ano 1989 e no ano 1997 pasou a ser competencia directa da Consellería de Educación e Ordenación

Universitaria. A institución impartiu aulas nun edificio da Praza de España, logo no colexio *Juan de Lángara* e dende o ano 2004 goza dun edificio novo e exclusivo na esquina da Avenida do Mar con Telleiras, no barrio de Caranza. Nel impártense clases dunhas vinte especialidades instrumentais distintas. No presente curso, o seu Consello Escolar tomou a iniciativa de escoller como nome para o centro o do compositor ferrolán **Xan Viaño** (1960-1991), como xeito de homenaxear a un artista que deixou unha sólida e variada obra dentro da música sabia galega.

Federico Pedreira Nores



# PERCursos FALADOS, CAMIÑOS PARA ANDAR E COÑECER POLA FRAGA DO RÍO BELELLE

O 11 de novembro de 2006, un grupo de alumnos e alumnas do I.E.S. Marqués de Suanzes, do I.E.S. de Canido, de Fene e do noso Instituto saímos de excursión para percorrer a **Fraga do río Belelle**. Esta actividade naceu ao abeiro dos **Percursos Falados** iniciativa que, organizada pola *Asociación Lingüístico-Cultural Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística* de Ferrolterra,



Fervenza do Belelle

abre as súas portas a todos aqueles que queiran coñecer e gozar da xeografía, da natureza e da paisaxe máis básica e esencial da nosa contorna comarcal a través duns roteiros e camiñadas accesíbeis para todos e todas.

O río Belelle nace no monte Fontardián, de 667 m de altitude, na parroquia de San Martiño de Goente, no concello da Capela, e desauga na ría de Ferrol. Nun documento de doazón ao Mosteiro de Caaveiro, do ano 936, o río Belelle é denominado *Aqua de Nida*,

é dicir, auga nívea, auga cristalina, transparente. De *Nida* sairá o topónimo Neda.

Na ribeira do Belelle atopamos as especies autóctonas das fragas, por iso a súa boa conservación fixo que distintas organizacións ecoloxistas demandaran a súa inclusión na *Rede Natura 2000* e na lista dos *Lugares de Interese Comunitario (LIC)*.

Neste paraíso natural puidemos contemplar a fermosa fervenza do Belelle duns 45 m de caída, unhas covas nas que se agachaban os fuxidos e resistentes durante a Guerra Civil e a posguerra. Tamén tivemos oportunidade de observar unha central hidroeléctrica, o Muíño da Barcia, marabillosamente restaurado por iniciativa dunha das asociacións de amigos dos cogumelos da comarca e, por suposto, o río que ía ben cheo e fermoso.

Posibelmente, hai uns vinte millóns de anos cando o clima era de tipo subtropical, moi cálido e húmido, o bosque



Zarrota



autóctono desta ribeira estaría formado por plantas exóticas coma as palmeiras, sequoias e fentos arborescentes. Na última época de glaciacións, que se iniciou na era cuaternaria, hai algo menos de 2 millóns de anos, a vexetación pasaría a ser esteparia polo cambio de clima e, desde aproximadamente os últimos 10.000 anos, a flora foi evolucionando cara ao que hoxe temos, un bosque de ribeira rodeado por unha fraga.

As árbores máis abundantes deste bosque son: castiñeiro, carballo, acivro, abeleira, salgueiro, bidueiro, ameneiro, sanguíño, érbedo, espiño... A salientar a grande abundancia de fieitos. Tamén comprobamos a enorme riqueza fúnxica da zona pois atopamos, entre outros moitos cogumelos, exemplares de zarrota, *Macrolepiota procera*, e distintos peidos de lobo ou peidos de vella como os *Lycoperdon perlatum* e *Scleroderma verrucosum*.




Samuel Fernández Paz

# I.E.S. SOFÍA CASANOVA: 40 ANOS DESPOIS

P  
l  
a  
n  
e  
t  
a  
  
L  
i  
n  
g  
u  
a  
  
Nº  
9  
  
I.  
E.  
S.  
  
S  
o  
f  
í  
a  
  
C  
a  
s  
a  
n  
o  
v  
a  
  
F  
e  
r  
r  
o  
l

Aqueles eran tempos....  
...E os de hoxe tamén!!



Aqueles eran tempos....  
...E os de hoxe tamén!!



# I.E.S. SOFÍA CASANOVA: 40 ANOS DESPOIS



Aqueles eran tempos....  
...E os de hoxe tamén!!



Aqueles eran tempos....  
...E os de hoxe tamén!!



P  
l  
a  
n  
e  
t  
a  
  
L  
i  
n  
g  
u  
a  
  
Nº  
9  
  
I.  
E.  
S.  
  
S  
o  
f  
í  
a  
  
C  
a  
s  
a  
n  
o  
v  
a  
  
F  
e  
r  
r  
o  
l

# I.E.S. SOFÍA CASANOVA: 40 ANOS DESPOIS

**E**ste ano de 2007 o edificio do noso instituto cumpre 40 anos de actividade. E falamos do edificio xa que anos antes de instalarse o noso centro nas actuais dependencias tivo a súa sede no agora I.E.S. Concepción Arenal, coñecido como o masculino, no que ocupaba unha das súas ás. En xaneiro de 1967, á volta das vacacións de Nadal, profesores e profesoras, alumnas e persoal non docente iniciaron un novo proxecto educativo para as zonas de Esteiro, Casas Baratas e Ensanches. En senllos claustros, ou asembleas institucionais de todo o equipo docente, celebrados en maio e xuño do ano 1984, e tras 17 anos funcionando como Instituto Feminino Camilo Alonso Vega, decídese por maioría instaurar o réxime mixto de estudos e cambiar o seu nome polo actual, Sofía Casanova. Juan Blanco, profesor de Grego e Marigel, profesora de Educación Física, formaron parte do grupo docente fundacional e, felizmente, seguen aquí con nós, impartindo aulas dende aquela.



As reformas no aspecto do instituto foron mínimas, entre elas destacan a supresión da antiga capela, que estaba situada no que hoxe é o ximnasio máis pequeno, a ampliación da área dos Departamentos onde hoxe teñen o seu gabinete as disciplinas de Lingua Galega, Filosofía, Linguas Clásicas, Lingua Española e Relixión. Así mesmo, a aula de Música tiña antes emprazamento no desdobre que está a carón do patio de recreo do primeiro ciclo da ESO e hoxe, xunto ao departamento de Tecnoloxía, ocupa dúas aulas do primeiro andar construídas hai uns dez anos. Outro cambio un tanto

rechamante no aspecto do centro foi a construción dunha nova cafetería no patio da entrada a finais dos anos oitenta; o seu antigo emprazamento é utilizado na

actualidade como aula de Ciclo Superior de Turismo. Profesoras que son agora e alumnas que foron entón, recordan a cantidade de eventos e concursos que tiñan lugar en datas sinaladas, coma o concurso de postais sobre pizarra no Nadal; tamén as frieiras que moitos apandaban polo frío que había que aturar e mesmo detalles coma os bocadillos de luras que mercaban na cafetería. Entre os docentes máis antigos do centro podemos citar a Ana Rodríguez na Biblioteca, Luis Puig de Matemáticas, José Porca e Ángeles Doce de Lingua Española, Teresa Leira, Dolores Pedre e Concha Méndez de Historia, Manuel Quintana de Relixión, Angelina Fernández Freijomil de Educación Física, Román Bravo e Juan Blanco de Linguas Clásicas.



Daniel Calvo Díaz e Federico Pedreira Nores

# I.E.S. SOFÍA CASANOVA: 40 ANOS DESPOIS

FALAMOS COA PROFESORA ÁNGELES DOCE E OS PROFESORES JUAN BLANCO E XAN R. SILVAR

- 1) En que ano se incorporou como profesor/a ao noso Instituto e por que escolleu a docencia como carreira profesional?
- 2) Que bota de menos daqueles seus primeiros anos como ensinante?
- 3) Respecto da organización do instituto e da docencia, cales son os cambios máis rechamantes na vida académica dos anos setenta e esta primeira década do século XXI?
- 4) Hai algunha anécdota ou curiosidade que lembre especialmente?
- 5) Que opina do nivel e do plan de estudos vixente na actualidade?

PREGUNTAS

1) Incorporeime ao Instituto no ano 1969 e escollín a docencia como profesión porque sempre sentín moito interese por estar nun traballo tan cerca da xuventude e poder ensinalles a miña materia, a miña disciplina, a Lingua Castelán.

2) [Rindo] A xuventude que todos nós tiñamos. Creo que antes había un pouco máis de vitalidade no centro.

3) Creo que son totalmente diferentes. Antes as clases eran demasiado rixidas e entendo que podían ser moito máis áridas que agora. Hoxe os profesores e as profesoras temos un maior dinamismo e iso é moi necesario.



Ángeles Doce

4) Lembro os tráxicos sucesos do 10 de marzo de 1972 e como aquel día quedamos encerrados no centro, sen que nos deixaran saír, como consecuencia dos enfrontamentos entre a policía e os traballadores de Bazán.

5) Estou contenta co nivel de estudos que hai agora, aínda que tampouco estaría mal subilo un pouco. As clases de agora son moitísimo máis amenas que as dos meus tempos de estudante e penso que o alumnado de hoxe en día está máis a gusto que daquela. O único problema, para o meu parecer, é que o Bacharelato está demasiado especializado e que debería de ampliarse a tres anos.



Juan Blanco

1) Foi o ano académico 1966-1967, primeiro curso no que eu comecei a impartir docencia. Naquel curso inaugurouse este edificio do noso Instituto, hoxe chamado *Sofía Casanova* e antes *Camilo Alonso Vega*, era o mes de xaneiro de 1967. Escollín a docencia, sinxelamente, porque a miña formación era fundamentalmente humanística, formación aprendida no *Seminario Conciliar de Santa*

*Catarina* en Mondoñedo, que me abría un camiño axeitado a un futuro educativo acorde con ela. Desta maneira orientei os meus estudos ás humanidades, Sección Clásicas, cursadas na Universidade Complutense.

2) No plano vital boto en falta a xuventude como é natural, e digo isto como parecendo unha contestación de Perogrullo, non obstante a miña situación actual considéroa, grazas a Deus, fantástica porque me sinto capaz de emprender e desenvolver plenamente esta estupenda profesión de docente.

Respecto do alumnado paréceme que antes esforzábase

máis en acadar coñecementos, aínda que gañou en liberdade, circunstancia vital moi importante. O que haberá que conseguir no futuro é harmonizar esforzo con liberdade.

3) Boto de menos a actividade cultural e deportiva que había nos institutos: teatro, cine, deporte, actos académicos solemnes que daban unha aureola de dignidade e inquietude cultural a estes lugares que deben ser berce de iniciación para o saber, a ciencia e a vida.

4) Non lembro ningunha en especial, pois neste Centro a relación profesor-profesor, alumno-alumno, alumno-profesor estivo sempre dentro do marco de afabilidade, comprensión e respecto que non deron nunca lugar a equívocos ou anécdotas destacables, o que o distingue, para min, doutros centros da xeografía española e galega nos que impartín aulas.

5) Creo, como xa comentei, que o alumno podería esforzarse un pouco máis en conseguir coñecementos como noutros tempos, pero isto ten unha explicación que o tempo, penso, corraxirá. Os mozos de hoxe en día teñen no seu arredor moitos "ruídos", TV, internet, DVD, CD, sitios de diversión,... nunha palabra, os rapaces teñen moitos máis lugares aos que prestar atención que os que había na miña mocidade e ao comezar a miña actividade docente. Opino que actualmente os rapaces teñen quizais moitísimo máis mérito que os rapaces doutras épocas que só podían facer dúas cousas: estudar ou non...

1) En 1979, aos meus 25 anos, pareceume unha saída profesional interesante e, tras deste tempo, creo que acertei na elección.

2) Poucas cousas, agás os folgos e algúns compañeiros, pero como ensinante de Ciencias Naturais parécenme apaixonantes os tempos actuais.

3) No lado positivo coido que hoxe o profesorado ten máis conciencia de "*ser profesional do ensino*" e mellor preparación como tal. Nos anos 70 primaban os aspectos conceptuais das materias e non existía unha cultura da avaliación e a titoría do alumnado como a de hoxe. No lado das dificultades dirixo a ollada aos retos para a escola que demanda unha sociedade cambiante como a nosa.

4) Gardo na memoria as moitas e boas horas que moitos colegas dedicaron ás xeracións que pasaron polas aulas do "*feminino*", tanto como o agrado de atopar as persoas que un

día foron alumnos e saber das súas vidas.

5) Sempre é complicado decidir qué e cómo ensinar na escola. Eu participo da opinión de que a prioridade escolar debe estar na aprendizaxe de valores, conceptos e actitudes que animen ás persoas a dotarse de recursos para estimar a vida e amar o coñecemento que serve para ser felices e solidarios cos demais. A vida é fermosa e a escola debe axudar a aprender a ser felices a todos os que por ela pasan.



Xan R. Silvar

Daniel Calvo Díaz e Federico Pedreira Nores

# I.E.S. SOFÍA CASANOVA: 40 ANOS DESPOIS

P  
l  
a  
n  
e  
t  
a  
  
L  
i  
n  
g  
u  
a  
  
Nº  
9  
  
I.  
E.  
S.  
  
S  
o  
f  
í  
a  
  
C  
a  
s  
a  
n  
o  
v  
a  
  
F  
e  
r  
r  
o  
l

Éramos tan noviños....  
Quen dixo tal?... Agora tamén!!



Éramos tan noviños....  
Quen dixo tal?... Agora tamén!!




# I.E.S. SOFÍA CASANOVA: 40 ANOS DESPOIS

P  
l  
a  
n  
e  
t  
a  
  
L  
i  
n  
g  
u  
a  
  
Nº  
9  
  
I.  
E.  
S.  
  
S  
o  
f  
í  
a  
  
C  
a  
s  
a  
n  
o  
v  
a  
  
F  
e  
r  
r  
o  
l



Éramos tan noviños....  
Quen dixo tal?... Agora tamén!!



Éramos tan noviños....  
Quen dixo tal?... Agora tamén!!

## BAIXO UN CLIMA MEDITERRÁNEO ÁRIDO

**E**rguédevos excursionistas!!! Vai calor, moita calor, onde criades que estabades, en Galiza? Pois non, estades en Elx (Elche), provincia de Alacante, País Valencià, no sueste español, unha terra chea de palmeiras (o maior palmeiral ao norte do Mediterráneo), con só 37 días de choiva por ano. É nestas condicións cando a vida de estudante se mostra máis cruel que nunca, baixo un sol infernal, cun clima mediterráneo árido e máis aínda cando se estuda afastado da terra que te viu medrar e da xente que coñecías de sempre.

Pois si, esa é a miña historia, polo menos dende que rematei no Instituto. Afortunadamente non todo son desvantaxes e problemas, tras unha estadía fóra de Ferrol un garda bos recordos e boas experiencias da *Facultade Politécnica Superior* de Elx, dos meus estudos de Enxeñaría Industrial na Universidade pública *Miguel Hernández*.

Por exemplo, hai pouco, e tentando achegarnos ás aplicacións da ciencia dos materiais, construímos uns mecanismos para frear a caída dun *grave*, neste caso un ovo fresco, que tiña que ser lanzado cara arriba dende unha altura de 4 pisos e tiña que chegar ao chan sen crocar. O mecanismo non

podía superar os 50 cm de diámetro e non podía conter nada que frease a velocidade de caída do *grave* (paracaídas ou similares), pero si elementos ou materiais para disipar ou esvaer a enerxía de impacto do mesmo. A idea tivo tan boa acollida por parte da industria do automóbil que todas as cadeas de televisión viñeron gravar o experimento e Matías Prats fíxonos un oco no seu telexornal das 9 da noite.

Outro punto interesante ao que sempre se lle pode sacar punta é ao profesorado. Hainos de toda caste, dende un profesor de debuxo de máis de 2 metros de estatura que afirma que por riba del só está Deus, até un químico daltónico, un físico nuclear chileno defensor da teoría M das 11 dimensións, un informático



ao que lle colgan as babuxas, ou calquera outro que vos poidades imaxinar. O certo é que, por moito diferenza que haxa entre eles, todos tenden a promocionar o seu traballo e restarlle importancia ao traballo dos demais, proba disto é a frase que nos ceibou o noso profesor de ecuacións diferenciais: *"Se tendes algunha dúbida sempre podedes consultar ese maravilloso libro do que EU son autor"*.

O problema vén cando falamos da comida, e é que coma na casa, en ningures. Foi curioso que cando cheguei á Universidade a festa popular eran as paellas. Imaxinádevos a toda a comunidade universitaria arredor duna palleira xigante berrando *"queremos paella, queremos paella"*, pois ben, o conto ía ben até que cheguei eu. Despois das paellas de benvida para os novos estudantes, o reitorado decidiu que debían ser clausuradas debido á bacanal desenfreada que seguía á paparota en cuestión, así que quedamos sen festas.

Pero non vos preocupar pois unha vez ao ano (que nunca fai dano) celébranse en Alacante as *Xornadas Gastronómicas do Marisco*, un momento perfecto para que todos os galegos e galegas residentes en Alacante ou arredores se xunten cos amantes do bo marisco e cos membros do Centro Galego de Alacante para degustar as especialidades desta terra nosa. É o que algúns cualifican de galeguismo *ben entendido*. Non me resta máis que desexarvos, lectores e lectoras de *Planeta Lingua*, unha boa experiencia universitaria. Deica logo.

**Carlos Ramón Canosa**  
2º de Enxeñaría Industrial, Elx



## NA FACULTADE DE MEDICINA, COMPOSTELA

**L**uns, 6,30 da mañá. Comeza unha semana máis na Facultade de Medicina. De catro a seis horas de clase cada mañá, xantar no comedor da Facultade e prácticas case todas as tardes. Despois, actividades varias coma a escola de idiomas, coro universitario, teatro... para conseguir créditos de libre configuración, divertirte ou aprender cousas novas, simplemente. Cando, á noite, chegas exhausto a casa, ceas e non ves o momento de meterte na cama. E aínda non ben pechas os ollos, sona de novo o despertador, xa é martes!!! A este ritmo, os días non duran un salaio e as semanas parece que apostan por cal delas pasa máis rápido. Facendo malabares coas horas consigues que todo cadre máis ou menos ben, e cun pouco de sorte acertas a quedar cos amigos durante a fin de semana. Daquela é cando descubres a quen botas realmente de menos durante todos estes días...

Pero, aparte de todo isto, o bo de ser universitario é que fas cousas que nunca imaxinarías realizar. Aparte, claro está, das prácticas obrigatorias (que xa teñen o seu aquel, con ósos e mesmo algún que outro cadáver), hai cousas que así, sen máis, sorprenden... como por exemplo

achegarse a un cemiterio na procura dun esqueleto sen dono, levalo a casa, límpalo ben e pórllle nome, gardalo no armario ou debaixo da cama... Ou cousas máis correntes, como asistir a conferencias sobre temas dos que non sabías absolutamente nada, pero que che consiguen créditos de libre



configuración... Cantar no coro universitario, participar na compañía de teatro da Facultade, afiliarse a asociacións de estudantes de diversa ideoloxía...

Pero, por suposto, a Universidade non é só o que fas no seu seo. A cantidade de actividades nas que te podes implicar en Santiago durante o curso, e o verán, son impresionantes. Concertos cada xoves e case cada sábado, teatro en todas partes, cinemas,

café, parques coma o da Alameda para pasear (e pola noite, para xuntarse a pasalo ben), museos, exposicións... hai de todo. Por outra banda, un dos asuntos importantes de cambiar de cidade é a metamorfose que isto carrega na túa vida. Así, vivir nun piso ou nunha residencia é toda unha experiencia. Algunhas residencias (ou colexios maiores) teñen *"tradicions"* e *"rituais"* (falo das novatadas) que poden resultar moi curiosos e até inverosímiles... pero son como son. E vivir nun piso pola túa conta, por fin sen país, é todo un ensaio. Cadaquén ten as súas propias historias e anécdotas que contar das súas aulas. Tamén a cidade é ao principio un tanto hostil: non sabes orientarte, non sabes onde podes ir ao cine ou onde dan un bon chocolate quente, pero co tempo acabas colléndolle tanto cariño ou máis que á túa propia cidade.

En resumo, para aqueles que queiran comezar unha carreira universitaria fóra dos límites da súa urbe, que se preparen non tanto para encarar os retos académicos (que tamén habelos hainos), senón para os da propia vida cotiá que, ben afrontados, farán destes anos dos mellores para a lembranza.

**Miguel Neira Boga**  
2º Medicina, Compostela





**E**ste curso os alumnos e alumnas de 4º da E.S.O. fomos de excursión a Cataluña e alí observamos que o catalán é o idioma no que todo o mundo se expresa normalmente, de maneira natural. Os cataláns e as catalás está moi orgullosos da súa lingua, pero iso non impide que se comuniquen con todos os que alí nos



achegamos empregando para iso outra lingua cooficial ou non.

Se paseas por calquera rúa poderás observar que persoas de todas as idades e clases sociais falan a súa lingua propia, o catalán. Ao entrares nun comercio fálanche de primeiras en catalán, pero esfórzanse en adaptarse a unha lingua común así que se decatan que ti non a falas; comprobei como se comunicaban comigo en castelán, cun británico en inglés e mesmo cun un bo lote de rapaces lusos.

Unha cousa que me chamou a atención foi que ao entrar nunha multinacional de comida rápida todos os carteis estaban escritos integramente en catalán. Só hai que mirar na rede e comprobaremos como hai moitas máis páxinas web

con versión en catalán que en galego, por exemplo. Tamén, no ámbito do fútbol, hai xogadores que recoñecen publicamente as súas ideas catalanistas, como Oleguer Presas (F.C. Barcelona), que dá as súas roldas de prensa en catalán, mentres constatamos como son poucos os deportistas galegos que fan as súas declaracións en galego, aínda que estean a falar para a TVG.


Isto son só algúns exemplos do distinto tratamento que un pobo lle dá á lingua propia cando lle toca estar integrado nun Estado que impón por lei unha lingua común para todos os seus membros, aínda que sexa allea a moitos dos seus cidadáns, tal e como nos pasa co castelán a galegos e cataláns.

Sabemos que en Galicia aínda temos que apandar co fenómeno da diglosia: aquel que provoca que moitas



persoas galegofalantes se pasen a falar castelán en función do ámbito social no que se atopen polo prexuízo de que os fagan de menos. Isto non acontece en Cataluña: alí a clase social dominante, a burguesía catalá, sempre falou a súa propia lingua e nunca renunciou a ela, establecendo ese modelo como o hábito social normal.

En definitiva: a xente tende a imitar aos máis poderosos, e o máis eficaz para que algo se



converta en moda é que o faga a xente de cartos, os ricos. Durante os anos escuros o noso pobo, fundamentalmente as clases labregas e mariñeiras e os traballadores en xeral, mantivo vivo e alumeou o tesouro da nosa lingua e a nosa cultura. E aínda que na actualidade é ben certo que o galego se está recuperando nalgúns ámbitos sociais, como, por exemplo, no mundo académico, a pregunta segue en pé... realmente o normal en Galiza é falar galego? Penso que aínda nos queda moito terreo que sachar para acadar esa normalidade.

Teimando nestes asuntos chego á conclusión de que non estaría nada mal que seguáramos o exemplo dos cataláns e que mentres alí resulta case absurdo falar de normalización lingüística, aquí debemos esforzarnos para que o galego teña tanta presenza nos medios de comunicación e na vida diaria como ten o catalán en Cataluña.



Roberto Vázquez Fernández

# DEPORTE DA VELA

**R** A vela é unha disciplina olímpica dende os Xogos Olímpicos de Londres do ano 1908. Este deporte consiste en completar un percorrido no menor tempo posíbel desprazándose sobre a auga nunhas embarcacións, os veleiros, impulsadas unicamente pola forza do vento e capaces de acadar grandes velocidades. Existen tres modalidades de competicións de vela: triángulos olímpicos, regatas e regatas oceánicas. Os regatistas, que se enfrontan a condicións meteorolóxicas cambiantes, deben planificar estratexias para adiantar os demais competidores. Dependendo da dirección do vento, empregan tácticas distintas. Hai veleiros de moitos tipos e o tamaño, a forma e o peso da vela inflúen no seu rendemento. Algúns deles están deseñados para acadar grandes velocidades e cambiar de rumbo rapidamente nas regatas curtas; outros, para soportar cruceiros oceánicos longos e arduos. As regatas adoitan celebrarse en augas do litoral, lagos ou lagoas. O percorrido esta marcado por boias.



## COPA AMÉRICA [AMERICA'S CUP]

**E**sta famosa regata debe o seu nome a un barco de regata de 30 metros de eslora (lonxitude de proa a popa) chamado America. Construído por membros do clube náutico de New Cork en 1851, este novo deseño de barco de vela logrou a vitoria de EE.UU. nos anos 50, pondo fin á hexemonía británica neste tipo de barcos. Na Copa America, cada barco leva unha tripulación de 16 persoas. Veleiros de todo o mundo compiten nunha serie de eliminatorias até que tan só queda un. Este desafía ao gañador do ano anterior nun mínimo de 7 mangas. O barco que vence en 4 mangas é o gañador da Copa.



## Fragata Italiana Amerigo Vespucci, un veleiro de sona

**Aparello:** Fragata de 3 paus.  
**Porto base:** Livorno.  
**Eslora:** 100,5 metros.  
**Calado:** 7,30 metros.  
**Superficie do velame:** 2.824 m<sup>2</sup>.  
**Ano de botadura:** 1931.

**Motor:** 2 Diesel Fiat de 950 HP.  
**Propietario:** Armada italiana.  
**Manga:** 15,5 metros.  
**Altura total:** 52,2 metros.  
**Material:** Aceiro.  
**Dotación:** 401 tripulantes



### CONSTITUCIÓN

Fragata de tres paus construída en 1931 e buque escola da Academia Naval Italiana. O seu deseño está baseado nun buque do século XVIII, con dúas cubertas de artillaría. É obra do tenente coronel do corpo de Enxeñeiros Navais Francesco Rotundi, que se inspirou en *Victory*, veleiro insignia de Horacio Nelson. Ten unha anchura de 50 pés e o seu interior é moi elegante.

### HISTORIA

O seu nome rende homenaxe a Américo Vespucci, famoso navegante e cartógrafo italiano que daría nome ao Novo Mundo. Este barco foi botado en 1931, e antes do inicio da II Guerra Mundial efectuou campañas de instrución polo norte de Europa. Dende a súa posta en funcionamento non cesou de realizar viaxes deste tipo, agás os anos 1940-1944 (por enfrontamentos bélicos), 1964 e 1973 (por reformas).

### CRUCEIROS

Os cruceiros de instrución a bordo deste veleiro adoitan durar unha media de 100 días, a armada italiana dispón ademais dun segundo navío para adestrar suboficiais, o *Palinuro*.



Martín Amarelo García e Alejandro Tizón Freijomil

# O CONSELLO ESCOLAR DENDEN DENTRO

O Consello Escolar é o máximo órgano de goberno que hai dentro do instituto, os seus membros representan a Directiva do centro, o profesorado, o alumnado, a ANPA e o persoal non docente. Reúnese unha vez cada trimestre en xuntas ordinarias, pero tamén se pode reunir sempre que se considere necesario para tratar algún asunto perentorio. Todos os seus membros teñen voz e voto, agás a secretaria ou secretario, encargado de tomar nota e levantar acta dos asuntos e decisións que se acorden, que ten voz pero non voto. Os compoñentes do Consello son elixidos democraticamente polo sector que representan e os seus cargos teñen catro anos de duración.

Este órgano de goberno do Instituto pode que algúns alumnos e alumnas o xulguen como pouco relevante, pero a súa importancia é máxima pois grazas el podemos facer que se escoite a nosa voz, así como tomar partido nas decisións que adopte.

Os estudantes temos catro representantes permanentes no Consello Escolar, estas persoas teñen o deber de informar aos seus compañeiros sobre as reunións ás que acudan. Para isto contan coa axuda dos delegados de aula, pois sería moi difícil reunirse con todos os alumnos e alumnas matriculados no Instituto. Por iso de cando en veces os delegados e delegadas de curso son convocados a unha reunión na que son informados dos asuntos tratados no Consello para que, pola súa parte, comuniquen aos seus compañeiros e compañeiras de clase o que aconteceu no máximo órgano de goberno do Centro. Esta é a verdadeira función principal de delegados e delegadas e non coller só, día a día, xiz para os mestres, pois isto último non consta en ningún papel pero o outro si. Nas últimas eleccións resultamos elixidos os seguintes representantes do alumnado no Consello Escolar: Cristina López Jiménez, 4ºA-ESO, Xabier Riobó Lois, 4ºB-

ESO, Catarina García Moure, 2ºA-BACH, e quen isto escribe, Felipe Vázquez Fernández, 1ºB-BACH. A miña experiencia como representante vén de hai cinco anos, dende 1º da ESO, sendo moitas as propostas que levamos ante o Consello. Algunhas eran críticas construtivas sobre o funcionamento do Centro e, se ben é certo que non conseguimos que se aprobaran todas as nosas iniciativas, foron moitas as que si se tiveron en conta.

En todo caso, se o alumnado non se interesa polo noso papel no Consello e non nos transmite as súas opinións, pouco podemos facer. Pero se os estudantes estamos unidos e interesados por incidir e levar as nosas inxerencias ao Consello Escolar poderíamos conseguir a maior parte das nosas propostas aínda que para que tal cousa acontecera, e mellorara o ensino que recibimos, foran necesarias medidas como a folga, método de loita importante sempre que se utilice con seriedade para acadar as nosas reivindicacións e non como forma de faltar a clase, escapismo, ou quedar durmindo na casa, senón para facer presión civilizada e democraticamente, acudindo aos actos convocados.

Espero que este artigo sirva para que se comprenda mellor o funcionamento do noso Centro e, no caso de terdes algunha dúbida, contactades con nós. Déixovos o enderezo do correo electrónico dos membros do Consello Escolar para que nos mandedes todas as vosas propostas e iniciativas. Un saúdo.

[iessc.alumnado.consello.escolar@gmail.com](mailto:iessc.alumnado.consello.escolar@gmail.com)

Felipe Vázquez Fernández





## AS ILUSIÓNS ÓPTICAS

O vocábulo **ilusión** fai referencia a calquera distorsión que poidamos sufrir na nosa percepción sensorial. Se falamos do sentido da vista estaremos diante dunha **ilusión óptica** cando percibamos visualmente a realidade de forma equivocada, errónea, trabucada. Dependendo da

agudeza visual de cada quen, estes fenómenos poden variar dunha persoa a outra.

As seguintes imaxes poden axudarnos a comprender as limitacións do noso sentido da vista e as posibilidades de percibir de maneira distorsionada a forma, cor, dimensións e perspectiva do que estamos a observar.

Observade atentamente o punto do centro e achegádevos á imaxe paseniñamente.




Cantas patas ten o elefante?



Que vedes?  
Unha caveira ou unha parella?

Podedes contar cantos puntos negros hai no debuxo?



Que vedes? A cara dun vello ou unha parella bicándose?



Sara Veiga Ramos

# DE CONVERSA CO GRUPO PRESA FÁCIL

P  
l  
a  
n  
e  
t  
a  
L  
i  
n  
g  
u  
a  
Nº  
9  
L  
E.  
S.  
S  
o  
f  
í  
a  
C  
a  
s  
a  
n  
o  
v  
a  
F  
e  
r  
r  
o  
l

## -Como é que se formou o grupo?

-Miguel. Foi logo da gravación dunhas cancións n' *A Escola da Vaca*, academia de ensino musical de Ferrol, onde colaboramos varios de nós. N' *A Escola da Vaca* foi o noso primeiro contacto e quedamos para ensaiar na miña casa. -Kächi. Isto foi ás portas das vacacións do verán de 2006. Foi Miguel quen nos propuxo a idea de xuntámonos para tocar. -Stan. Miguel falounos de tocar pola nosa conta, por libre, fóra d' *A Escola*. A min e mais a Kächi pareceunos brutal a idea de arranxar música con este cacho baterista que é Miguel. Despois falamos con Mon e Yosi e escollemos o nome do grupo.

## -Como foi a escolla do nome?

-Kächi. Non sabíamos como facer. Stan e mais eu, que estábamos en tempo de exames finais de 2º de Bacharelato e tiñamos moito tempo libre (gargalladas), argallamos, deitados no Campus de Esteiro, escribir moitísimos nomes en folios



e fomos riscando e riscando opcións até só quedar tres: *Dirty Calls*, *Ollomol* e *Presa Fácil*. -Stan. O primeiro que pensamos foi *Dirty*



*Calls* pero afinal quedámonos con *Presa Fácil*.

## -Que tipo de música tocades?

-Miguel. De todo!!! -Os demais. Non, non, de todo non!! -Stan. Gústannos estilos distintos a cada un, pero en conxunto o noso son está dacabalo entre o rock clásico dos oitenta e o hard rock actual. -Yosi. En verdade podémolo definir como hard rock.

## -Que grupos vos influíron máis?

-Yosi. Son influencias moi dispares, desde grupos dos oitenta como *Iron Maiden*, *Guns N' Roses*, *Mr. Big* até xente máis de hoxe coma *Mágo de Oz*, *O'funk'illo*...

## -Compoñedes temas propios?

-Stan. Temos temas nosos como *Toma mi cuerpo*, *En el infierno*, *Perder el tiempo*, *La luna roja*... e unha versión curiosa dun tema relixioso que chamamos *Sacristía*.

## -E quen os compón?

-Miguel. Menos o *Toma mi cuerpo*, o resto son todos de Stan. -Stan. Eu creo que cada quen pon o seu nos nosos temas, traemos ideas e xuntamos entre todos. Ti podes achegar unha letra e música e cando se monta en grupo a cousa sae distinta do que traías. Pero claro, iso é en esencia o que lle dá o noso son de grupo a cada tema.

## -Que estades a facer neste momento?

-Yosi. Hai como un mes que gravamos a maqueta e estamos a preparar un novo repertorio para os nosos vindeiros concertos. -Miguel. Agora en inverno estamos un pouco parados pero seguimos a tocar en locais cando podemos. Temos sorte porque, por agora, non houbo mes no que non actuáramos.

## -Que planos tendes para o futuro?

-Stan. Xa temos preparado o verán de 2007 para tocar en varios festivais galegos, "*Fene Rock*", "*Festival de Montefaro*", "*Festival Ajierno*" de Neda, e tamén invitáronnos, grazas aos bos



contactos de Miguel, a tocar fóra de Galiza en Barcelona, Zaragoza, Madrid. Pero aínda non nos podemos desprazar tan lonxe. Máis para adiante xa se andará.

-Kächi. Nós o que queremos é seguir tocando, facendo a nosa música, escribindo novos temas e dándolle o que temos á xente que nos segue.



Miguel



Yosi




Mon

[www.presafacil.es](http://www.presafacil.es)



Kächi



Stan

**Miguel Lamas, Miguel.** Ten 14 anos e principiou a tanxer a batería cando só tiña 6. É unha promesa como instrumentista, cada día avanza máis como músico e actualmente é o baterista do grupo pero tamén colabora con outras bandas da comarca.

**Ramón Ibáñez, Mon,** é un rapaz de 19 anos que se iniciou de cativo coa guitarra clásica n' *A Escola da Vaca*. É o baixista do grupo.

**Alejandro Cachaza, Kächi.** Guitarrista do grupo. Saído tamén da canteira d' *A Escola da Vaca*. Foi alumno do noso Instituto, o *I.E.S. Sofía Casanova*. Comezou tocando o saxo e a frauta, máis tarde decantouse pola guitarra eléctrica.

**Adrián Rodríguez, Stan.** Con 19 anos toca a guitarra eléctrica na banda. Tamén pasou pol' *A Escola da Vaca* e polo *I.E.S. Sofía Casanova*.

**Yosi.** É a voz principal do grupo. Ten 20 anos e moita enerxía que gastar enriba dos escenarios. Coñecido pola súa paixón polos disfraces e a súa enorme voz. Formou parte dos grupos *Voodoo* e *Relatos Acústicos*.



Ángel Rodríguez Martínez


# O GALEGUISMO DURANTE A DITADURA FRANQUISTA

A partir de 1936 as actividades políticas e culturais realizadas polas organizacións galeguistas fican interrompidas, tanto as dos partidos políticos como as actuacións das diferentes institucións culturais, como foi o caso do **Seminario de Estudos Galegos**.

Os líderes e persoeiros galeguistas van seguir vieiros ben diferentes. Algúns ficarán no interior –Vicente Risco, Otero Pedraio, Filgueira Valverde–, aínda que mantendo posicións



ben diferentes respecto do réxime franquista. Outros formarán parte do exilio republicano, como é o caso de Castelao, Suárez Picallo ou Martínez López. Outros serán fusilados, como Alexandre Bóveda ou Ánxel Casal. Todo isto marcará fondamente a evolución posterior



do galeguismo, que atravesará dúas fases ben diferentes. Unha época de resistencia no interior e de ampla actividade no exilio que rematará en ruptura a finais dos anos cincuenta, e unha segunda fase de reconstrución política do galeguismo, a partir dos anos sesenta, coa aparición de novos líderes políticos e novas organizacións partidarias. O período até hai pouco menos coñecido era o dos anos corenta. Pero segundo se van divulgando



testemuñas e epistolarios daquela altura, fica cada vez máis nida a importancia que este período ten non só para entender a oposición política ao franquismo, senón mesmo o deseño ulterior da transición á democracia, pactada parcialmente naqueles anos.

A influencia de Daniel R. Castelao no ámbito do galeguismo e do nacionalismo galego deixouse sentir cultural, política e ideoloxicamente grazas á


publicación do seu libro **Sempre en Galiza** (1944), obra que fixou por moito tempo o legado teórico



de toda a tradición galeguista e que foi convertida, sobre todo polos núcleos galeguistas do exilio, na **Biblia** do nacionalismo galego, unha vez perdido o referente teórico de Vicente Risco. Desde finais dos anos cincuenta prodúcese unha incorporación de



novas xeracións á práctica política galeguista a través de actividades de carácter cultural, como eran as *Festas Minervais* e colaboracións xornalísticas en diarios como *La Noche* de Santiago de Compostela, ou mediante a aparición de grupos informais de corte como o constituído en Madrid en 1958 co nome de *Brais Pinto*. Nos anos 1963 e 1964 xorden novos partidos como o *Partido Socialista Galego*, PSG, e a *Unión do Povo Galego*, UPG, fundados por profesionais e estudantes universitarios achegados ao grupo cultural que promoveu a *Editorial Galaxia*.



**José Antonio López Sixto**

INTERNET E O FENÓMENO BLOG

P  
l  
a  
n  
e  
t  
a  
  
L  
i  
n  
g  
u  
a  
  
N  
º  
9  
  
I.  
E.  
S.  
  
S  
o  
f  
i  
a  
  
C  
a  
s  
a  
n  
o  
v  
a  
  
F  
e  
r  
r  
o  
l

Wow! Así comeza a última campaña dunha coñecida multinacional de software. Sen dúbida, se algunha palabra define a rede de redes, esa é a correcta. Hai algúns anos formar parte de internet era algo complexo, só para

uns poucos. Nos nosos días, o que máis e o que menos posúe un *blog* ou unha páxina web, participa nalgún portal ou ten *colgado* un vídeo en *YouTube*. Porén, internet é unha inmensa rede cuxo funcionamento é extremadamente

complexo. Día a día diversas empresas, gobernos, organizacións e persoas percorren os seus distritos con finalidades completamente opostas. Estamos diante dun xogo de nenos ou fronte a unha complexa estrutura?

A finais do século XX había que coñecer unha linguaxe especial para publicar en internet. A finais do pasado ano había máis de 60 millóns de sitios creados por persoas que, na súa maioría, ignoraban o que é o HTML, a linguaxe para crear webs. Dende que existen os *blogs* ou bitácoras, páxinas nas que os textos, chamados *posts* ou anotacións, se ordenan do máis recente ao máis antigo, non é preciso coñecer a linguaxe HTML. A cifra dobrouse nun ano e calcúlase que **cada día nacen uns 100.000 blogs**.

En 1997 aparecían unha especie de páxinas web de aspecto sinxelo e moi doadas de manexar. Dous anos, despois, xurdía *Blogger*; a primeira grande empresa adicada ao masivo deseño e almacenamento dos blogs. Dende entón, ben cambiaron as cousas. No ano 2003 un estudo demostrou que cada 6 meses se duplicaba o número de *blogs*. A día de hoxe esa situación retardouse debido ás dimensións atinxidas.

Hai *blogs* adicados á ciencia, ás viaxes, á literatura, a internet, aos erros dos xornais, á ciencia ficción, á televisión, aos cómics, ao cinema... A maioría deles



FotoBlogoteca.com

están asinados por persoas que saben ben do que falan, sexa por profesión ou por afección.



OS BLOGS

Ademais, encontraron nos cadernos

de bitácora unha forma de dar a coñecer as súas experiencias, as súas ideas ou, por que non, de gañar algúns cartos sen complicarse a vida.

O éxito dos *blogs* reside na facilidade que presentan na súa creación e publicación.



Cando un servizo similar pode supoñer uns 600 euros nunha empresa especializada, diversos sitios brindan a posibilidade de publicar e escribir nuns minutos.

Todo iso sen investir nin un euro. Unhas 54.000 mil anotacións por hora e case 1,3 millóns de textos diarios avalan esta realidade.

No Estado español hai un millón e medio de blogs. Se queres ter o teu propio *blog* podes probar nalgún destes sitios:

-**Blogoteca**: servizo para os blogueiros e blogueiras [galeg@s](mailto:galeg@s); [www.blogoteca.com/web/alta.php](http://www.blogoteca.com/web/alta.php).

-**Blogger**: o servizo estrela. Actualmente pertence á multinacional *Google*; [www.blogger.com](http://www.blogger.com).

-**Wordpress**: para os que non se conformen cun *blog* sinxelo e queiran afondar un pouco no tema, atoparán aquí o que buscan; <http://es.wordpress.com/>

ASÍ ESTAMOS

Hai algún tempo publicouse un artigo nun xornal galego no que se informaba dun rapaz que pasou un día diante do ordenador sen moverse. A través de internet conseguiu divertirse, estudar, pedir a comida e mesmo puido conversar cos seus familiares. Este é un caso máis de radicalización da rede.

No século XXI e malia ás críticas que xorden nos medios de comunicación, ninguén debería poñer en dúbida a utilidade e a importancia que ten internet nas nosas vidas. Internet permitiu que unha comunicación, unha imaxe, unha información que antes podía tardar horas, apareza agora no noso monitor en menos dun segundo.

Por primeira vez na historia presenciamos o lanzamento dun sistema operativo para o que a maioría dos ordenadores non están preparados. Podemos, pois, preguntar: Estamos preparados para internet?

Problemas hainos abondo: faltan moitas leis para abarcar todos os ámbitos da vida internáutica e, polo seu carácter internacional, non hai sedes



físicas nin tampouco se sabe en que países están os responsábeis de moitos dos seus ámbitos. Ademais outros aspectos ameazan a organización da rede: problemas cos dereitos de copia (*copyright*), fraudes por internet, compras ilegais, branqueo de diñeiro ou pirataría.

No noso país, a rede está controlada por unha serie de tristes personaxes, curiosamente de sociedades e empresas privadas, que prexudican ao consumidor mediante impostos e leis inxustas lexitimadas polo goberno, permitindo que unhas industrias financien a outras e que os petos de certos altos cargos medren exponencialmente.

Antón Gómez García



## SEGURIDADE NA REDE

É raro o mes no que os distintos medios de comunicación non se fan eco dalgunha ameaza vírica. A maioría dos usuarios de ordenadores teñen constancia do continuo perigo ao que están sometidos. Porén, aínda hai xente que non tomou unha serie de medidas básicas para reducir ao mínimo o risco

de sufrir un ataque infeccioso. Se este é o teu caso, e co que aquí imos contar, seguro que decides protexerte e ademais poderás elixir o concepto de seguridade que máis che acaia.



## Ameazas máis comúns

É importante familiarizarse coa terminoloxía típica deste campo da informática. Na seguinte táboa aparecen os termos básicos dos que compre ter conta.

**Adware** (software non desexado): Software que durante o seu funcionamento desprega publicidade de distintos produtos ou servizos en forma de xanela ou barra emerxente.

**Bankers**: Troianos especializados no roubo de contrasinais dos usuarios para acceder aos servizos de banca electrónica por internet.

**Exploits**: Códigos que explotan vulnerabilidades no software e infectan sistemas de forma automática e transparente, sen a intervención do usuario.

**Worms**: Software que fai copias de si propio empregando redes de comunicacións, degradando o servizo do equipo hóspede, ocupando ancho de banda e chegando a ocasionar denegación de servizo. Adoitan empregar *exploits* para infectar os sistemas. Non é necesario descargar nada para que infecte un sistema, pode infectalo por estar mal protexido.

**IRC-Bots**: Troianos controlados de forma centralizada que forman unha rede de máquinas *zombis* que executarán as ordes dadas polo atacante.

**Spyware** (software espía): Aplicacións que recompilan información sobre unha persoa ou organización sen o seu coñecemento.

**Antivirus**: Programa que rastrea os dispositivos de almacenamento e a memoria do computador na procura de virus, sendo quen de recoñecelos e eliminalos.

**Dialers** (marcadores): Troianos que realizan chamadas a números de custo adicional, co conseguinte aumento da tarifa telefónica.

**Firewall** (tornalumes ou devasas): Sistema de seguridade para redes consistente nunha especie de barreira electrónica que prevén contra accesos non autorizados.

**Keyloggers** (capturadores de teclado): Troianos que capturan as pulsacións do teclado do usuario.

**MSN**: Malware e vermes relacionados cos programas de mensaxería instantánea.

**Phising** (fraude electrónico): Mensaxes falsas utilizadas para capturar as credenciais de acceso á banca electrónica e outros servizos de uso privado por internet.

**Scripts**: Malware escrito en linguaxe scripts coma javascript, vbscript...

**Backdoors** (portas traseiras): Aplicación que permite acceder de forma remota aos sistemas infectados e obter o control dos mesmos.


**Hack Tools**: Conxunto de ferramentas que facilitan o ataque dos sistemas.

**Password capture**: Malware especializado no roubo de contrasinais a través de diversas técnicas.

**Spam** (correo lixo): Correos electrónicos non desexados que se envían de forma masiva e ilegal.

**Virus**: Software que se reproduce empregando dispositivos de almacenamento (discos duros, usbs, cd/dvds...). Parasitan ficheiros de sistema xa existentes, binarios, executábeis ou librarías de sistemas operativos.

**Troiano**: Parasita un programa para que este deixe de ofrecer o servizo para o que se creou, quitando o código antigo e colocando o seu.



## Os programas antivirus

Se nos achegamos aos andeis de calquera superficie comercial os programas relacionados coa seguridade dos ordenadores non son só programas antivirus. Tamén existen tornalumes, *antispyware*, *antispam*... Nos nosos días, a maioría dos programas de seguridade protexen contra virus e calquera outro tipo de ameazas. En todo caso, as interfaces dos antivirus hoxe cambiaron moito e son moi doadas de manexar: un sinxelo clic do rato abonda. Pero bon é saber que aínda que a seguridade ofrecida polos programas antivirus é bastante completa e, en termos xerais, aceptábel, é moi posíbel que nalgún caso o ordenador se vexa infectado por algún tipo de patóxeno. No entanto, o establecemento dunha boa defensa reduce ao mínimo a posibilidade de que un PC poida ser invadido por algún programa maligno.

## Algúns consellos sobre seguridade

A cifra 100 % seguro é imposible de acadar. Porén, pódese chegar a un nivel de protección óptimo seguindo estes consellos:

- 1/ **Emprega un programa antivirus**: actualízalo automaticamente e ponlo en vixilancia constante.
- 2/ **Instala un firewall**: os tornalumes ou devasas bloquean as posíbeis entradas sen autorización e restrinxen a saída de información.
- 3/ **Fai copias de seguridade**: é a medida máis sensata para evitar unha perda de información por causa dalgún virus.
- 4/ **Actualiza o sistema operativo e o software**: comproba que as versións do sistema operativo e os programas que teñas instalados sexan as últimas e inclúan as aplicacións de seguridade previstas.
- 5/ **Nunca enviar contrasinais por correo electrónico**: ningunha entidade bancaria solicita os contrasinais ou os datos dos seus clientes empregando o correo electrónico.
- 6/ **Desconfía do correo electrónico**: correos noutros idiomas, de procedencia descoñecida, premios, produtos máxicos, vacacións, fotos e vídeos que non podes deixar de ver... son ameazas claras.
- 7/ **Coidado coas mensaxes repetidas**: mensaxes co mesmo asunto é sinónimo de *spam* e se ademais cambian o nome dos remitentes probabelmente sexa un virus.
- 8/ **Xanelas publicitarias, as mínimas**: emprega algún programa que bloquee as fiestras emerxentes. Dos anuncios o mellor é non fiarse.
- 9/ **Mercas a través do comercio electrónico**: o mellor é que a

## Por onde entran os virus?

A resposta a esta pregunta é múltiple. Normalmente os virus e as diferentes ameazas empregan internet para propagarse. Debido precisamente a iso, é frecuente que se atopen noutros medios como mensaxes de correo electrónico, discos DVD, memorias portátiles, etcétera. Aínda así, é moi difícil determinar de onde provén exactamente unha ameaza e como fixo para entrar xa que o software encargado da análise e posterior desinfección dos parasitos non detecta os pasos do intruso para colarse.



páxina onde merques estea dotada das medidas de seguridade oportunas. Unha forma rápida e fácil de comprobalo son os certificados de seguridade e que a conexión sexa segura.

10/ **Atención novat@s!**: os usuarios máis novos ou que empreguen internet por primeira vez, deberían estar acompañados por un adulto e dispor dun filtro paterno.

11/ **Algunhas restricións de interese**: programas de intercambio de ficheiros, chats públicos e sitios de xogos *online* mellor non empregar nin visitar.

12/ **A clave está na información**: o mellor é estar informado. Os medios de comunicación e algunhas páxinas web poden brindar información de moito interese.

A día de hoxe coñécense máis de medio millón de virus e seguen a descubrirse outros novos. Hai empresas que reciben cada día uns catro millóns de correos lixo. Todo isto indícanos a necesidade de estar ao día para que os noso trebellos informáticos non fallen. Máis información nestas ligazóns:

-**Alerta-Antivirus**: <http://alerta-antivirus.red.es>, entidade pública dependente do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

-**Google**: [www.google.es](http://www.google.es), procura e atopa máis información neste buscador universal.

-**Páxinas bancarias**: bancos e outras entidades teñen campañas en activo para evitar fraudes.



Antón Gómez García

# PASANDO O TEMPO / PASANDO O TEMPO

## SOPA DE LETRAS ENCADEADA

Tes que achar as **seis** palabras definidas a continuación, sabendo que cada unha delas remata coas primeiras letras da seguinte.

- |             |  |
|-------------|--|
| 1 M O _____ | Capital histórica do Reino de Galiza.  |
| 2 _____     | Monumento megalítico.  |
| 3 _____     | Monumento megalítico.  |
| 4 _____     | Organización galeguista fundada en 1916.   |
| 5 _____     | Instrumento musical de cordas con forma de media pera cortada lonxitudinalmente. |
| 6 ____ M O  | Imposto medieval.  |

A	D	G	H	T	R	M	E	N	H	I	R	L	Ñ	R	I
I	D	G	N	E	R	U	I	P	O	L	N	M	V	C	P
D	A	F	T	O	S	G	F	D	N	E	X	T	Z	X	Q
O	T	S	M	C	E	H	R	T	U	P	U	E	Q	Z	E
L	O	R	Q	O	M	B	E	C	L	A	Ú	D	E	Q	R
M	C	G	A	U	N	A	D	R	A	F	G	M	I	E	T
E	E	O	N	T	P	D	A	M	Z	R	T	U	O	R	Z
N	U	X	P	E	M	U	O	A	X	F	H	V	P	T	A
F	G	M	Ñ	N	Q	L	A	Ñ	N	C	M	L	D	H	S
V	V	X	B	A	H	I	T	Q	E	G	X	C	F	G	D
I	R	M	A	N	D	A	D	E	S	D	A	F	A	L	A
D	B	Ñ	O	N	O	E	C	S	A	M	O	T	E	R	F
F	O	O	D	C	A	L	Z	T	E	A	M	A	N	Ñ	G
Ñ	L	M	N	F	G	R	E	M	U	P	H	A	P	O	H
V	C	D	F	P	H	D	T	E	O	R	L	D	M	L	I

**ATOPA AS SEIS DIFERENZAS**





A viñeta foi tirada do libro

*Historia da Galiza en banda deseñada.*

Sara Veiga Ramos



# A VIDA NAS AULAS..... CADA DÍA



Aldara Sedes Martínez



## UNHA DE APARCADOIROS



Sara Veiga Ramos

# ABRIL, SEMPRE ABRIL


## CANTO MOÇO

Somos fillos da madrugada  
Pelas praias do mar nos vamos  
À procura de quem nos traga  
Verde oliva de flor no ramo  
Navegámos de vaga em vaga  
Não soubemos de dor nem mágoa  
Pelas praias do mar nos vamos  
À procura da manhã clara

Lá do cimo duma montanha  
Acendemos uma fogueira  
Para não se apagar a chama  
Que dá vida na noite inteira  
Mensageira pomba chamada  
Companheira da madrugada  
Quando a noite vier que venha  
Lá do cimo duma montanha

Onde o vento cortou amarras  
Largaremos pela noite fora  
Onde há sempre uma boa estrela  
Noite e día ao romper da aurora  
Vira a proa minha galera  
Que a vitória já não espera  
Fresca brisa, moira encantada  
Vira a proa da minha barca

José Afonso



O pasado 23 de febreiro cumpríanse 20 anos do pasamento, en 1987, de **José Manuel Cerqueira Afonso** dos Santos, **Zeca Afonso**, no Hospital de Setúbal, vítima dunha esclerose lateral amiotrófica.

José Afonso, que hoxe mora no parnaso dos cantautores universais, foi un dos máis significativos compositores de música popular da Europa do século XX.


Como en *Grândola Vila Morena*, símbolo da *Revolução de Abril* ou *Revolução dos Cravos* portuguesa, José Afonso soubo facer música do que pensaba e vivía, soubo metamorfosear as palabras, os vocábulos, as voces e os sentimentos en cancións, en espellos onde mirámonos e identificámonos como cidadáns sen ataduras, como persoas libres e solidarias.

Felizmente o Zeca está presente nas nosas vidas a través do inmenso agasallo que supón toda a súa obra lírica e musical e, tamén grazas a el, podemos seguir sendo "*Filhos da Madrugada*"

José Afonso tivo sempre unha fonda relación con Galiza. A cantante Uxía Senlle asegurou que "... o noso amado Zeca Afonso mantivo sempre esa forza aglutinadora e foi activista e pioneiro no cultivo da fraternidade alén Miño, da fraternidade entre Galiza e Portugal".

Desde as páxinas de **Planeta Lingua**, e neste seu vixésimo cabodano, queremos render homenaxe ao cantor portugués recomendando a todo o alumnado do noso Instituto que faga por ler e escoitar a súa obra, no convencemento de que serán novas portas abertas na aventura diaria do coñecemento, na procura de novos e vellos camiños nas sempre vizosas terras da cultura galego-portuguesa.

M. Ríos



Diario de Ferrol



Diario de Ferrol

## PARABÉNS Á COORDENADORA DE EQUIPAS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE FERROLTERRA

### POLO PREMIO EDUCACIÓN-2007

### CONCEDIDO POLO DIARIO DE FERROL

EN RECOÑECEMENTO AO SEU INCANSÁBEL TRABALLO DE NORMALIZACIÓN SOCIAL, ACADÉMICO E ESCOLAR DA LINGUA GALEGA



Diario de Ferrol

Diario de Ferrol